



PLAN DIXITAL

Conservatorio Superior de Música
de Vigo - **36016085**

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introducción.....	3
1.1. Datos básicos do centro.....	3
1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao PEC.....	3
1.3. Breve xustificación do mesmo.....	4
1.4. Proceso de elaboración.....	5
2. Situación de partida.....	5
2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais.....	5
<i>Inventario Equipos Informática Xuño 2022 do CSMVigo.....</i>	<i>6</i>
2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO.....	9
2.3. Análise DAFO.....	10
3. Plan de Acción.....	11
3.1. Obxectivos, indicadores e accións.....	11
3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas.....	12
<i>Obxectivos - Conservatorio Superior de Música de Vigo.....</i>	<i>15</i>
4. Avaliación do plan.....	20
4.1. Seguimento do plan de Acción.....	20
4.2. Propostas de mellora (revisión).....	20
5. Difusión do plan dixital.....	20

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

Conservatorio Superior de Música de Vigo (*Centro Superior de Ensinanzas Artísticas*), situado na Rúa Manuel Olivie, 23 - 36203 Vigo (PONTEVEDRA). Tfno: 986471144 Fax: 986481807, cmus.vigo@edu.xunta.gal - <https://www.csmvigo.com/>

Actividade principal: **Educación, investigación e creación** vinculados coas disciplinas que lle son propias aos estudos superiores de música. Grado Superior das Ensinanzas Musicais. Conta con 72 profesores/as para uns 300 alumnos.

O centro dispón de **4.247 m2 construídos** nunha parcela de 8.011 m2 (*no Monte do Castro*). O Conservatorio conta con dous edificios diferentes construídos en distintas etapas. Dispón de **47 aulas**, que inclúen aulas instrumentais, de materias colectivas, de Música de Cámara, de Orquestra, de Informática, un Laboratorio de Electroacústica, Estudio de Gravación. Tamén conta con 8 cabinas de estudo e outras dependencias: **Auditorio** “Martín Códax” (*cun aforo de 350 persoas*), **Biblioteca** e **Fonoteca**, Sala do profesorado, Sala de reunións, Conserxería, Oficina, Despachos e Cafetería.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao PEC.

O Conservatorio Superior de Música de Vigo é un centro público de ensinanzas artísticas superiores, que depende da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades. Ser un centro superior implica que o alumnado é maior de idade, o que afecta aos procesos de organización e funcionamento dos servizos e actividades. Pola súa banda as ensinanzas artísticas tamén presentan unha serie de especificidades que obrigan a deseñar un modelo de organización e funcionamento que vai afectar ás infraestruturas, equipamentos e recursos didácticos e ao seu uso e dispoñibilidade, así como aos procesos de ensinanza e aprendizaxe.

O centro imparte as ensinanzas do grao superior das **especialidades** de **Composición, Interpretación** -na que están englobados todos os itinerarios da orquestra sinfónica ademais do Canto, Clave, Guitarra, Instrumentos da Música Tradicional e Popular, Instrumentos da Corda Pulsada do Renacemento e do Barroco, Piano, Viola da Gamba e Violín Barroco-, **Musicoloxía, Pedagogía da Linguaxe Musical e Producción & Xestión**.

Ademais da actividade docente, no Conservatorio realízanse diferentes actividades de difusión cultural e de promoción das ensinanzas co obxectivo de completar a formación do alumnado e ampliar a oferta musical a cidadanía: concertos, conferencias, talleres e cursos de especialización.

Cómpre salientar o elevado número de bandas populares e coros na contorna viguesa onde moitos/as alumnos/as reciben unha formación musical inicial. Hai tamén na zona un número importante de escolas de música públicas e privadas. Esta é a base que sustenta un centro coma este.

Ata o de agora non tiñamos un Plan Dixital como tal, pero si se tomaron medidas concretas neste eido segundo as necesidades máis urxentes que se detectaron.

Cun problema engadido, a Consellería de Educación non contempla a participación dos Centros Docentes de Réxime Especial (Conservatorios) en ningún dos programas dixitais de innovación: Abalar, Edixgal, Polos Creativos, etc. O que implica non poder acceder a equipos informáticos (*asociados a estes programas*) máis potentes e actuais, cunhas características máis axeitadas ás nosas ensinanzas.

Coa Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, temos a oportunidade de redactar un Plan Dixital apropiado a nosa realidade, e incorporalo ao Proxecto Educativo do CSMVIGO.

Pensamos que a incardinación deste Plan Dixital á Programación Xeral Anual do curso 2022/23 será algo moi beneficioso para mellorar a competencia dixital da nosa institución.

1.3. Breve xustificación do mesmo

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, regula diferentes aspectos relacionados coa competencia dixital e a innovación educativa, así no artigo 121 establece que o proxecto educativo do centro recollerá, entre outros aspectos, a estratexia dixital do centro, de acordo co establecido no artigo 111 bis, no que se establece que as Administracións educativas e os equipos directivos dos centros promoverán o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) na aula como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensino e aprendizaxe, utilizando os marcos de referencia da competencia dixital que orienten a formación inicial e permanente do profesorado e faciliten o desenvolvemento dunha cultura dixital nos centros e nas aulas.

O artigo 132 da devandita Lei establece como competencias dos directores e directoras, entre outras, exercer a dirección pedagóxica, promover a innovación educativa e impulsar plans para a consecución dos fins do proxecto educativo do centro; e fomentar a cualificación e formación do equipo docente, así como a investigación, a experimentación e a innovación educativa no centro.

No Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica que impulsa a Consellería de Educación, faise unha clara aposta por espazos ao servizo dos proxectos educativos, sobre todo vinculados á transformación dixital e que sexan xeradores de igualdade e de inclusión. Así como, na Estratexia Galicia Dixital 2030 e na Estratexia Educación Dixital 2030 de Galicia, cara a consecución dunha cidadanía dixital plena.

Trátase de promover e garantir o desenvolvemento dun marco de acción que permita acordar e coordinar diversos aspectos que afectan ao uso das tecnoloxías na educación, desde aqueles relacionados con cuestións organizativas, ata outros máis pedagóxicos e propios dos procesos de ensino e aprendizaxe.

Na Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

1.4. Proceso de elaboración

Para o proceso de elaboración do Plan Dixital seguironse tódalas recomendacións e secuencias da Consellería de Educación e do equipo ADIX Vigo 3, ao que estamos adscritos. Dentro do PFPP do centro formouse un grupo de profesores que traballa nisto dende outubro de 2021.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

Dende o ano 2010 no que comezamos cunha escasa conexión de rede por cable, só presente cun minirack na Secretaría & Dirección e outro na biblioteca. E unha rede Wi-Fi (Amtega) cunha cobertura mínima só no edificio principal, con puntos de acceso D link AP DWL-2100 que pouco a pouco deixaron de funcionar.

Actualmente contamos con cableado de rede en aproximadamente o 75% do edificio principal e o 15% do edificio do auditorio. E instalamos unha rede wifi con equipos Ubiquiti que cobre máis do 90% dos dous edificios. Instalouse un rack principal para as comunicacións do centro e varios rack de reparto: o da Sala de Profesorado que abrangue os niveis 1, 2 e 3 do edificio principal, outro na aula 22 B (Nivel 0 - Laboratorio de Electroacústica) que alimenta todo o Departamento de Composición e outro para a distribución no 2º edificio, o de auditorio.

A continuación móstrase o inventario actual do equipamento informático dispoñible no centro. Todo o que aparece en cor vermella é material adquirido polo conservatorio (a maior parte é material de 2ª man o reacondicionado), con parte do orzamento do funcionamento anual.

Dende o ano 2015, o actual equipo directivo está a facer un gran esforzo de aforro para dedicar boa parte dos nosos recursos anuais ao investimento en infraestrutura dixital, para mellorar os medios dispoñibles cara a actividade diaria.

Neste centro non contamos con despachos para os departamentos, por iso está asignado un PC nunha das aulas que se utilizan para a súa docencia específica. Tampouco contamos con dotación para proxectos concretos (*Edixgal, Polos Creativos, etc*), xa que non temos a posibilidade de participar en ningún deles.

Neste centro utilizamos todos os servizos dixitais corporativos aos que temos acceso: páxina de webdinámicas para a web da Biblioteca, Aula Virtual CSMVigo, Agueiro. Pero como non estamos en XADE (*a nosa xestión é a través do CODEX*) non temos nada de Abalar, Abalarmóbil etc.

Complementamos estes servizos co dominio propio csmvigo.com para a web do centro e a google workspace for education suite.

A xestión do mantemento deste equipamento dixital corre a cargo do coordinador TIC do centro coa supervisión da Secretaría do Conservatorio e o apoio dalgún profesor con dispoñibilidade horaria.

Inventario Equipos Informática Xuño 2022 do CSMVigo

Equipos 2021-22	Marca / Modelo	CPU / RAM	Monitor	Proxector	Encerado Dixital	Sistema Operativo
Administración 1	Torre de Pcomponents (Set. 2018) Novo	Intel Core i7-8700 @3.20 GHz/ 8Gb	Hp S2031a Hp S2031a	—	----	Win 10 PRO (Licencia)
Administración 2	Torre de Pcomponents (Set. 2018) Novo	Intel Core i7-8700 @3.20 GHz/ 8Gb	Hp S2031a Hp S2031a			Win 10 PRO (Licencia)
Sala Prof nº 1	Fujitsu-ESPRIMO-E900-E85+ (Set. 2018) 2ª man	Intel Core i3-2110 @3.30 GHz/ 4+4 Gb	Hp LA2006x	Orixinalmente estes 5 Fujitsu viñan con Win 7 Pro e 4 Gb de RAM, foron ampliados a 8 GB para poder actualizalos a Win 10		Win 7 Pro (act. a 10)
Sala Prof nº 2	Fujitsu-ESPRIMO-E900-E85+ (Set. 2018) 2ª man	Intel Core i3-2110 @3.30 GHz/ 4+4 Gb	Hp LA2006x			Win 7 Pro (act. a 10)
Sala Prof nº 3	Fujitsu-ESPRIMO-E900-E85+ (Set. 2018) 2ª man	Intel Core i3-2110 @3.30 GHz/ 4+4 Gb	Hp LA2006x			Win 7 Pro (act. a 10)
Sala Prof nº 4	Fujitsu-ESPRIMO-E900-E85+ (Set. 2018) 2ª man	Intel Core i3-2110 @3.30 GHz/ 4+4 Gb	Hp LA2006x			Win 7 Pro (act. a 10)
Sala Prof nº 5 (S. Xuntas)	Fujitsu-ESPRIMO-E900-E85+ (Set. 2018) 2ª man	Intel Core i3-2110 @3.30 GHz/ 4+4 Gb	Hp LA2006x	Proxector BENQ	+ webcam	Win 7 Pro (act. a 10)
Aula 0 - Historia	HP PRO 3130 MT (XUGA 2011)	Intel Pentium G6950 @2.80 GHz/ 2Gb+6Gb	Hp S2031a	EPSON EB-S41	+ webcam	MxLinux 21.04
Aula 1 - Guitarra	DELL OPT. 755 (XUGA 2008)	Intel Pentium G6950 @2.80 GHz/ 2Gb+2Gb	Dell 20"	----		Linux Mint 20.03
Aula 4 - Musicoloxía	HP PRO 3130 MT (XUGA 2011)	Intel Pentium G6950 @2.80 GHz/ 2Gb+6Gb	Hp LE1901w	EPSON EB-S18	IQBoard 2009 + webcam	Win 10 Pro
Aula 5 - Musicoloxía	HP PRO 3130 MT (XUGA 2011)	Intel Pentium G6950 @2.80 GHz/ 2Gb+6Gb	Hp LE1901w	BENQ MS524	+ webcam	MxLinux 21.04
Aula 6 - Musicoloxía	HP PRO 3130 MT (XUGA 2011)	Intel Pentium G6950 @2.80 GHz/ 2Gb+6Gb	Asus 19 "		+ webcam	MxLinux 21.04
Aula 7 - Musicoloxía	HP PRO 3130 MT (XUGA 2011)	Intel Pentium G6950 @2.80 GHz/ 2Gb+6Gb	Hp LE1901w	EPSON EB-S31	+ webcam	MxLinux 21.04
Aula 8 - Música Antiga	HP ProDesk 600 G1 TWR (XUGA 2014)	Intel Core i5-4590 @3.30 GHz/ 8Gb	Dell 20"	—		Win 10 PRO
Aula 9 - Improvisación	DELL OPT. 755 (XUGA 2008)	Intel Pentium G6950 @2.80 GHz/ 2Gb+2Gb	Dell 17 " (4x3)	—		MxLinux 21.04
Aula 10 - Piano	Portátil Hp 15-da0033ns	Intel Core i3-7020 @2.30 GHz/ 8Gb	----	EPSON EB-S31	--	Win 10 Pro
Aula 11 - Piano	—			Proxector BENQ - Res. 800x600		

Aula 15 - Improvisación	DELL OPT. 755 (XUGA 2008)	Intel Pentium G6950 @2.80 GHz/ 2Gb+2Gb	Dell 19 " (4x3)	EPSON EB-S41	--	MxLinux 21.04
	Laptop ASUS F540S	Intel Dual-Core N3060 /BGA @2.80 GHz/ 4Gb	—	—	—	Win 10 Home
Aula 19 - Pedagogía	HP ProDesk 600 G1 TWR (XUGA 2014)	Intel Core i5-4590 @3.30 GHz/ 8Gb	Pro display P201	NEC - M230XG xuga 2011	SmartBoard 2008 + webcam	Win 10 PRO
	Laptop ACER Aspire E 15 (N1502)	AMD A8-7410 @2.20 GHz 4Gb	—	—	—	Win 10 Home
Aula 20 - Composición	HP ProDesk 600 G1 TWR (XUGA 2014)	Intel Core i5-4590 @3.30 GHz/ 8Gb	Pro display P201	EPSON EMP-765 Xuga 2011??	SmartBoard 2008 + webcam	Win 10 PRO
Aula 21 - Composición	HP ProDesk 600 G1 TWR (XUGA 2014)	Intel Core i5-4590 @3.30 GHz/ 8Gb	Pro display P201	EPSON EB-S31	+ webcam	Win 10 PRO
Aula 22 A (13 Pc's) Tecnoloxías TIC Ratio 6 alumnos/as	HP EliteDesk 705 G1 SFF (xul. 2020) 2ª man 7 Equipos (6 alumnado + 1 profesor/a)	AMD A10-7800B Pro @3.30 GHz/ 16Gb	Hp LE1901w	EPSON EB-S18	SmartBoard 2008 + webcam	Win 10 PRO
	HP COMPACT 6005 Pro MT (XUGA 2010) 6 Equipos (de apoio como 2º monitor)	AMD Phenom Tm II x2 B55 / 2Gb Ram	Hp LE1901w			Win 7 Pro obsoleto
Aula 22 B (4 PC's) Laboratorio Acústica	HP EliteDesk 800 G2 Mini (xul. 2021) 2ª man 4 Equipos	Intel Core i5-6500 @3.30 GHz/ 16Gb	Pro display P201		--	Win 10 PRO
	DELL OPT. 755 (XUGA 2008)	Intel Pentium G6950 @2.80 GHz/ 2Gb	Hp S2031a	(Equipo sin conexión a internet)		Win 95
	MAC – superobsoleto		Pantalla rota			
Aula 23 - Composición	DELL OPTIPLEX 3040 SFF (xul. 2021) 2ª man	Intel Core i5-6500 @3.20 GHz/ 8Gb	Pro display P201	EPSON EB-S41	+ webcam	
Aula 27 - Canto/Corda	HP COMPACT 6005 Pro MT (XUGA 2010)	AMD Phenom Tm II x2 B55 / 2Gb Ram	Hp 201			MxLinux 21.04
Aula 28 - Corda	HP COMPACT 6005 Pro MT (XUGA 2010)	AMD Phenom Tm II x2 B55 / 2Gb Ram	Hp LA2006x		+ webcam	MxLinux 21.04
	LENOVO G50-70	AMD A8-7410 @2.20 GHz 4Gb				
Aula 35 - Vento Madeira	HP COMPACT 6005 Pro MT (XUGA 2010)	AMD Phenom Tm II x2 B55 / 2Gb Ram	Hp LE1901w			MxLinux 21.04
Aula 36 - Vento Madeira	HP COMPACT 6005 Pro MT (XUGA 2010)	AMD Phenom Tm II x2 B55 / 2Gb Ram	Hp LE1901w		+ webcam	MxLinux 21.04
Aula 37 A - Percusión	Fujitsu-ESPRIMO-E900-E85+ (Dec. 2018) 2ª man	Intel Core i3-2110 @3.30 GHz/ 4+4 Gb	Hp 201			Win 10 PRO
Aula 37 B - IMTP	Fujitsu-ESPRIMO-E900-E85+ (Dec. 2018) 2ª man	Intel Core i3-2110 @3.30 GHz/ 4+4 Gb	Dell 17 " (4x3)	EPSON EB-S31	+ webcam	Win 10 PRO

Aula 38 - Vento Metal	HP COMPACT 6005 Pro MT (XUGA 2010)	AMD Phenom Tm II x2 B55 / 2Gb Ram	Hp LE1901w		+ webcam	MxLinux 21.04
Aula 41 - Canto	HP COMPACT 6005 Pro MT (XUGA 2010)	AMD Phenom Tm II x2 B55 / 2Gb Ram	Hp LE1901w		+ webcam	MxLinux 21.04
	ASUS PORTÁTIL A550L	Intel I5 4Gb				Win 10 PRO
Aula 42 - Vento Metal	Dell optiplex 7010 (maio 2021) 2ª man	Intel Core i5 @2.90 GHz/ 8Gb	Hp 201			Win 10 PRO
Sala Orquestra	---			EPSON EB-2255U		
Auditorio	---			EPSON EB-L720U	Proyector láser WUXGA	
Producción	HP Laptop 14s-dq1017ns - xuño 2020 Novo	Intel Core i5-1035G1 @3.30 GHz/ 8Gb				Win 10 PRO
Conserxería	DELL OPTIPLEX 3040 SFF (mai. 2022) 2ª man	Intel Core i5-4500 @3.20 GHz/ 8Gb	Hp 201			Win 10 PRO
Biblioteca 1	HP ProDesk 600 G1 TWR (XUGA 2014)	Intel Core i5-4590 @3.30 GHz/ 8Gb	Pro display P201			Win 10 PRO
Biblioteca 2	HP ProDesk 600 G1 TWR (XUGA 2014)	Intel Core i5-4590 @3.30 GHz/ 8Gb	Pro display P201			Win 10 PRO
Biblio S. Lectura 3 Equipos	Fujitsu-ESPRIMO-E900-E85+ (Dec. 2018) 2ª man	Intel Core i3-2110 @3.30 GHz/ 4+4 Gb	Dell 19 “ (4x3)			MxLinux 21.04
TIC -Xestión	2 Lenovo Thinkpad L 540 (XUGA 2014)	Intel® Core™ i5-4210M @2.60GHz/ 8 GB				Win 10 PRO
TIC - Dirección	2 Dell latitude 5290 (Dec. 2021) 2ª man	Intel® Core™ i5-8350U 1,70GHz, 8 GB				Win 10 PRO
TIC -Préstamo	HP Laptop 14s-dq1017ns - xuño 2020 Novo	I5				Win 10 PRO
Axuda Xef. Est. Dic 2019	HP Laptop 14-dh1014ns – Novo Dec 2019	I5				Win 10 PRO
TIC -Préstamo	4 Portátiles Hp EliteBook 840 G3 (Nov. 2020) 2ª man	Intel® Core™ i5-4210M 2.70GHz, 8 GB				Win 10 PRO
2 Equipos	Portátil: ACER TRAVELMATE LT (XUGA 2010)	Sin utilidade	Obsoleto			Win 7
	Portátil DELL (XUGA 2003)	Sin utilidade	Obsoleto			Win XP
	Portátil Asus (XUGA 2001)	Sin utilidade	Obsoleto			Win XP
	Varios equipos avariados no almacén.	PC+Monitor+Teclados				

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Resumo das áreas do informe Selfie. E do Test de Competencia Digital Docente (TestCDD)

Areas	Grupos	Ensinanzas	
		Primaria	Ed. Post sec.- Ensinanza Superior Música
A -Liderado	Equipo Direct.		3.7
	Profesorado		3.5
	Alumnado		----
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.		3.5
	Profesorado		3.1
	Alumnado		2.5
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.		3.5
	Profesorado		3.1
	Alumnado		2.7
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.		3.9
	Profesorado		3.3
	Alumnado		----
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.		4
	Profesorado		4.1
	Alumnado		3.6
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.		3.8
	Profesorado		3.5
	Alumnado		2.7
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.		3.4
	Profesorado		3.5
	Alumnado		2.5
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.		3.3
	Profesorado		3.9
	Alumnado		3

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	26	53	49.1
PROVISIONAL	---	---	---
INTERINO	13	16	81.3
SUBSTITUTO	1	3	33.3
DESPRAZADO	---	---	---

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
85.7	Integrador/a (B1)	76.4	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO	-----	-----	-----	-----
BAC	-----	-----	-----	-----
F.P	-----	-----	-----	-----

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	1	2.5
A2	16	40
B1	12	30
B2	6	15
C1	2	5
C2	4	10
TOTAL	41	102.5

Outras fontes: Análise do inventario do equipamento informático do centro.

2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	O centro está investindo progresivamente na instalación dunha potente rede wifi, ademais da instalación de cable nalgunhas aulas.	Infraestrutura dixital moi precaria e obsoleta, equipos XUGA 2008, 2010, 2012 y 2014. Temos bastante equipamento de 2ª mano adquirido polo centro a partir de 2015.
	PERSOAL DOCENTE	Apoio do equipo directivo á hora de probar novas formas de ensinanza con tecnoloxías dixitais. Avaliación dixital, aumentando paulatinamente. Desde o PFPP, o centro promove o acceso á formación dixital.	Non todo o profesorado colabora na estratexia dixital. Fomento da creatividade.
	PERSOAL NON DOCENTE	Capacidade de colaboración e traballo en equipo.	Persoal con baixa formación dixital.
	ALUMNADO	Poden levar o seu dispositivo e utilizalo nas clases. Alumnado comprometido coa súa aprendizaxe. Aprende a crear contido dixital.	Non hai provedores de formación en centros de traballo.
	FAMILIAS		
	OFERTA	Busca de recursos dixitais en liña. O centro utiliza os medios corporativos e complementaos con algúns recursos externos.	Creación de recursos dixitais axeitados as nosas ensinanzas.
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	Cando se utilizan tecnoloxías dixitais para o ensino e a aprendizaxe, se respectan os dereitos de autor e as licenzas de uso. Nas colaboracións con outras organizacións, utilizamos tecnoloxías dixitais. Comunicacións dixitais do Centro. (a través do dominio csmvigo.com)	Non contamos cunha estratexia dixital definida.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	Posibles convenios de colaboración coa Universidade e outras institucións educativas. Acceso a programas de intercambio con institucións educativas de todo o mundo.	A falta de tempo para explorar o ensino dixital.
	LEXISLACIÓN	Creación dunha lexislación específica para as Ensinanzas Superiores de Música.	A carencia dunha lexislación propia que nos sitúe no espazo de Educación Superior que nos corresponde.
	CONTORNA	Colaboración coa ESAD Vigo e a Escola Superior de Imaxe e Son de Vigo. Colaboración coas Orquestras Sinfónicas de Galicia.	Canle de comunicación con empresas culturais da zona.
	OFERTA	Busca de recursos educativos abertos.	Escasa orientación profesional, presenza limitada no currículo. Hai moi pouco software libre axeitado as nosas ensinanzas.
	OUTRAS ENTIDADES	Sinexías para a aprendizaxe mixta, colaboración con outros centros e organizacións.	Non temos empresas que colaboren no desenvolvemento da estratexia dixital.
	INFRAESTRUTURA	Posible inclusión na RedIRIS (rede académica e de investigación) financiada polo Ministerio de Ciencia e Innovación.	Case non hai equipos para prestar aos estudantes. O préstamo só é posible en caso de necesidade comprobada.

3. Plan de Acción

A secuencia de pasos para a elaboración do Plan de Acción foi:

1. Selección dos **Obxectivos**.
2. Establecer os **Indicadores**.
3. Concretar as **Accións** a realizar.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Colaboración e redes (B)

- Colaborar con outras entidades para desenvolver a competencia dixital da comunidade educativa (B3*).
- Potenciar o emprego da Aula Virtual do centro para as comunicacións entre o profesorado (B2*).

Intraestructuras e Equipos (C)

- Actualizar os dispositivos dixitais da Sala do Profesorado e da Biblioteca (C8*).

Desenvolvemento Profesional Continuo (D)

- Favorecer o intercambio de experiencias, no contexto da transformación dixital dos centros, tanto entre o profesorado do propio centro coma doutros centros de similares características (D3*).

Pedagogía: Apoio e Recursos (E) / Competencias dixitais do alumnado (H)

- Promover o uso da Plataforma Ageiro do centro por parte do alumnado (E3*).

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

- En materia de **infraestruturas**, é necesario completar o cableado da rede ata o 100% das aulas do edificio principal. E continuar o cableado nas aulas do edificio do auditorio. É preciso facer o enlace de fibra dende o rack central ata o rack do auditorio, para que esta zona teña un tráfico adecuado ás necesidades de docencia online e concertos/audicións en streaming.

Completar a rede wifi con puntos de acceso Ubiquiti (*AP compatibles cos xa instalados*) para chegar ao 100% dos espazos. Unha vez conseguido todo isto, o obxectivo fundamental sería ser incluídos na **RedIRIS** (*rede académica e de investigación*) con cal xa houbo contactos no último ano.

- En materia de **equipamentos**,

É necesario cambiar todos os equipos obsoletos **anteriores a 2013**, xa que a súa utilidade actual é moi baixa ou nula. Isto inclúe ordenadores sobremesa, portátiles e encerados dixitais.

As pizarras dixitais obsoletas deben substituírse por **pantallas interactivas UltraHD 4K táctil**. Serían necesarias polo menos **catro pantallas de 75"** para a docencia en:

- Aula 4 - Departamento de **Musicoloxía**.
- Aula 19 - Departamento de **Pedagogía**.
- Aula 21 - Departamento de **Composición**.
- Aula 22 A (Informática Musical)- **Varios Departamentos**.
- E **unha pantalla de 86" con soporte móbil** como apoio nestes tres departamentos e a utilización noutros espazos para conferencias, seminarios, cursos, congresos...

PC de Sobremesa:

1. (**Requisitos mínimos: Intel Core i5 - 10TH GEN** ou AMD Ryzen 5 - 2TH GEN ou Apple Mac equivalente, **240 SSD, 16 GB RAM**, monitor de 22" Full HD 1920x1080 - 75 Hz).

- **Sala Profesorado** **6 equipos** (ratio 1/cada 12 profesores/as).
- **Sala Lectura Biblioteca** **9 equipos** (ratio 1/cada 30 alumnos/as).
- **Bibliotecaria/o** **2 equipos** (Bibliotecaria/o e Becarios/as).
- Un por **departamento** **10 equipos** (*Canto, Corda, Guitarra, Improvisación, IMTP, Música Antiga, Percusión, Piano, Vento Madeira e Vento Metal*).
- Departamento de Musicoloxía **5 equipos Profesor** (Aulas 0, 4, 5, 6, 7).

2. (**Requisitos mínimos: Intel Core i5 - 11TH GEN** ou AMD Ryzen 5 - 3TH GEN ou Apple Mac equivalente, **480 SSD, 32 GB RAM**, monitor de 22" Full HD 1920x1080 - 75 Hz).

- Dpto. de **Composición** **5 equipos Profesor** (Aulas 20, 21, 22A, 22B, 23)
- **Aulas de informática:** (Máquinas virtuais, procesamento audio e video).
 - Aula 22 A **7 Equipos** (i5 - 11th Gen, 32Gb RAM, SSD 480 Gb + Monitor 22").
 - Aula 22 B **3 Equipos** (i5 - 11th Gen, 32Gb RAM, SSD 480 Gb + Monitor 22").

3. Departamento Producción e Xestión, (Gravacións audio & imaxe, renderización).

- **Un Apple Mac Studio** (Chip M1 Max de Apple, 64 GB de RAM, Disco SSD 1 TB),
3 Monitores Pro Display XDR (6 K a 60 Hz).
- **Cámara Evil de 24 MP** (Pantalla táctil de 3", Estabilizador Óptico de 5 Ejes, Visor OLED, RAW, Wi-Fi, 4 K, Función AF, Protección contra po e salpicaduras). + **Obxectivo de 50 mm. F1.8**
- **Consola dixital** con interfaz de gravación USB de 64x64 integrado (características técnicas tipo **Presonus StudioLive 32S**).
- **Stagebox AVB de 16x8** (características técnicas tipo **Presonus NSB 16.8**).
- **2 Monitores de campo cercano activo de 2 vías** (Sistema Biamplicado Bass Reflex 95 W RMS, Resposta frecuencias 43Hz-30kHz, Entrada XLR balanceada, Entrada, TR de 1/4" balanceada, Entrada de nivel axustable, Control de sala e control de ganancia).
- **Compresor limitador óptico de 1 canal a válvulas** (características técnicas tipo **Warm Audio WA-2A**).
- **Mezclador** (características técnicas tipo **Allen & Heath ZED-10**).
- **2 Micrófonos de condensador de pinza** (características técnicas tipo **the t.bone Ovid System CC 100 RC EW**).
- **2 Micrófonos de diadema de condensador** (características técnicas tipo **the t.bone HC 444 TWS**).
- **2x Mackie Thump 15A** (Altavoz activo de rango completo, Woofer 15", etc. PA profesional).

4. Administración

- **2 x PC Administración + 4 monitores.** Requisitos mínimos:
Intel Core i5 - 10TH GEN ou AMD Ryzen 5 - 2TH GEN ou Apple Mac equivalente, **480 SSD, 16 GB RAM**, monitor de 22" Full HD 1920x1080 - 75 Hz). **"Obrigatorio dous monitores en cada un dos equipos para o traballo de administración.**

5. Software. (Programas e Licenzas imprescindibles para o traballo docente no Conservatorio Superior).

- **Finale v.27** **14 Licenzas** (Aulas 20, 21, 22A, 22B, 23).
- **Sibelius Ultimate** **14 Licenzas** (Aulas 20, 21, 22A, 22B, 23).
- **Presonus Studio One 5 Professional.**
(Secuenciador de Audio-Midi DAW) **3 Licenzas** (Aula 22 A).

- **EastWest Hollywood Orchestra Opus Daim.**

(Orquestra Virtual) (Require ilock2) **3 Licenzas** (Aula 22 A).

- **Toontrack Superior Drummer 3 Orch. Edit.**

(Instrumento Virtual) **1 Licenza** (Aula 22 A).

- **VEGAS Pro 365**

Video & audio for professionals **2 Licenzas** (Aula 22 A).

6. **Almacenamento.**

- **Servidor NAS con soporte DLNA, mínimo 4 Gb RAM, 4 Bahías, 4 discos HDD de 4TB.**

Para satisfacer as necesidades de almacenamento nun entorno seguro de Administración, Dirección e Docencia dos departamentos de Musicoloxía, e especialmente de Composición e Producción & Xestión que precisan de moito espazo para máquinas virtuais, bancos de instrumentos, mostras sampleadas, procesamento de audio, vídeo e transcodificación en tempo real.

Obxectivos - Conservatorio Superior de Música de Vigo

Área/s de mellora: Colaboración e redes (B)							
OBXECTIVO 1: (1)		Colaborar con outras entidades para desenvolver a competencia dixital da comunidade educativa (B3*)				Acadado	
Responsable:		Vicedirección ou persoa responsable actividades extraescolares				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)		Número de colaboracións con outras entidades (Instrumento: Memoria anual)					
Valor de partida: (3)		2 colaboracións (seminarios, charlas, videochamadas, obradoiros...)					
Valor previsto e data: (4)		6 colaboracións (seminarios, charlas, videochamadas, obradoiros...)			30/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)		ESTADO (10)	
AO1.1: Solicitar charlas de especialistas en novas tecnoloxías e seguridade na rede.	Vicedirección ou persoa responsable actividades extraescolares	21/12/2022	Apoío do CFR Vigo. Colaboración do INCIBE		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO1.2: Contactar con entidades ou profesionais para charlas sobre diferentes temas relacionados coa competencia dixital (orientación laboral, coñecemento profesional, software libre, redes sociais).	Vicedirección ou persoa responsable actividades extraescolares	31/05/2023	Apoío do CFR Vigo. Orzamento		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO1.3: Coñecer a regulación dos dereitos de autor e da propiedade intelectual no ámbito dixital.	Dirección	31/01/2023	Curso ou seminario ao respecto, aberto a toda a comunidade educativa. Orzamento		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

Conservatorio Superior de Música de Vigo

Área/s de mellora: Colaboración e redes (B)							
OBXECTIVO 2: (1)		Potenciar o emprego da Aula Virtual do centro para as comunicacións entre o profesorado (B2*)				Acadado	
Responsable:		Xefatura de Estudos				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)		Porcentaxe de participación do profesorado no curso comunicación interna da Aula Virtual (Instrumento: Rexistro da actividade no curso)					
Valor de partida: (3)		Non aplica (sen datos previos)					
Valor previsto e data: (4)		60% de participación do profesorado nalgunha actividade do curso			30/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)		ESTADO (10)	
AO2.1: Formar ao profesorado no emprego dos diferentes canles de comunicación da Aula Virtual do centro	Persoa coordinadora TIC	31/10/2022	Equipamento informático axeitado		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO2.2: Crear curso “Comunicación interna” con varios foros	Persoa coordinadora TIC	15/09/2022			Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO2.3: Dinamizar a participación na Aula Virtual	Dirección Persoa coordinadora TIC	30/06/2023	Equipamento informático axeitado		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

Conservatorio Superior de Música de Vigo

Área/s de mellora: Intraestructuras e Equipos (C)						
OBXECTIVO 3: (1)		Actualizar os dispositivos dixitais da Sala do Profesorado e da Biblioteca (C8*)			Acadado	
Responsable:		Secretaria do centro			Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)		Porcentaxe de equipos da Sala do Profesorado e da biblioteca con hardware anterior a 2012 actualizados (Instrumento: Memoria TIC)				
Valor de partida: (3)		20% de equipos con hardware anterior a 2012 actualizados				
Valor previsto e data: (4)		80% de equipos con hardware anterior a 2012 actualizados		15/12/2022		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)		ESTADO (10)
A03.1: Determinar as necesidades de cada equipo da biblioteca e da S. do Profesorado	Persoa coordinadora das TIC	30/09/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.2: Solicitar e instalar os discos duros sólidos e a ampliación da memoria RAM dos equipos máis obsoletos	Persoa secretaria do centro Persoa coordinadora das TIC	21/12/2022	Orzamento		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.3: Instalar o sistema operativo e actualizar o software nos novos discos SSD	Persoa coordinadora das TIC Coordinador/a do grupo de traballo	31/03/2023	Grupo de Traballo PFPP do Centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Conservatorio Superior de Música de Vigo

Área/s de mellora: Desenvolvemento Profesional Continuo (D)							
OBXECTIVO 4: (1)	Favorecer o intercambio de experiencias, no contexto da transformación dixital dos centros, tanto entre o profesorado do propio centro coma doutros centros de similares características (D3*)					Acadado	
Responsable:	Dirección					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Número de experiencias que se intercambiaron durante o curso (Instrumento: Memoria anual)						
Valor de partida: (3)	0 experiencias intercambiadas durante o curso 21/22						
Valor previsto e data: (4)	5 experiencias intercambiadas durante o curso 22/23				30/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)		ESTADO (10)	
AO4.1: Organizar intercambios de experiencias entre profesorado do centro	Dirección	30/05/2023			Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO4.2: Pescudar experiencias que se están a levar a cabo noutros centros a nivel nacional e internacional	Dirección	30/10/2022	Boletíns, webs doutros centros, redes sociais e congresos		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO4.3: Organizar/ participar/ divulgar intercambios de experiencias de profesorado doutros centros a nivel nacional e internacional	Dirección	30/06/2023	Profesorado doutros centros que desenvolva experiencias interesantes e profesorado do centro que estea disposto a coñecerlas		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

Conservatorio Superior de Música de Vigo

Área/s de mellora: Pedagogía: Apoio e Recursos (E) / Competencias dixitais do alumnado (H)								
OBXECTIVO 5: (1)		Promover o uso da Plataforma Agueiro do centro por parte do alumnado (E3*)				Acadado		
Responsable:		Persoa Coordinadora TIC					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)		Porcentaxe de participación do alumnado con actividade en Agueiro (Instrumento: Informe do rexistro da actividade en agueiro)						
Valor de partida: (3)		15 % de alumnado activo no curso 21/22						
Valor previsto e data: (4)		70 % de alumnado con actividade na plataforma 22/23				30/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER								
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN				
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)		ESTADO (10)		
A05.1: Rexistrar ao alumnado na plataforma Agueiro	Persoa Coordinadora TIC	30/09/2022			Realizada			
					Aprazada			
					Pendente			
A05.2: Realizar cursos de formación ao profesorado sobre as posibilidades da plataforma Agueiro	Persoa Coordinadora TIC	21/12/2022	Equipamento informático axeitado		Realizada			
					Aprazada			
					Pendente			
A05.3: Realizar cursos de formación ao alumnado sobre as posibilidades da plataforma Agueiro	Persoa Coordinadora TIC	31/03/2022	Equipamento informático axeitado		Realizada			
					Aprazada			
					Pendente			

4. Avaliación do plan

4.1. Seguimento do plan de Acción

Para a avaliación procesual dos obxectivos establecidos no plan dixital, o coordinador do plan reunirse cos responsables das diferentes actuacións deseñadas para cada un dos obxectivos, polo menos unha vez ao trimestre e avaliarase o estado de execución das actuacións. Cun análise e avaliación dos resultados, así como posibles modificacións ou propostas de mellora se fose necesario.

Para a avaliación final, a mesma comisión reunirse coa función de avaliar a consecución dos obxectivos acadados e as posibles propostas de mellora, esta reunión celebrárase polo menos unha vez ao ano.

4.2. Propostas de mellora (revisión)

Posibles propostas de mellora tras da avaliación dos resultados.

5. Difusión do plan dixital

Para a difusión do plan, remitirase o documento por correo electrónico a todo o profesorado do centro. Unha vez informado e oído o Claustro, o Consello Escolar se é o caso aprobará o documento definitivo. Tras o posterior pronunciamento do Consello Escolar, o plan será publicado en Agueiro a través dunha URL secreta, que se remitirá por correo a toda a comunidade educativa do Conservatorio.